

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA CONCILIA VERÁN ORGANIZADO POLO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2026

Artigo 1. SOLICITUDE E PRAZO

A solicitude de preinscrición poderá realizarse mediante un dos seguintes formularios: o formulario electrónico habilitado, que se presenta directamente a través da propia aplicación ou o formulario dispoñible na páxina web www.muros.gal, que poderá presentarse de maneira presencial no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica municipal (sede.muros.gal), así como nos rexistros de calquera administración pública adherida á plataforma de intercambio rexistral (SIR).

1.1 Prazo e procedemento para a solicitude de inscrición

- Período de preinscrición: dende as 8:30 h do día 11 de maio ata as 14:00 h do día 22 de maio.
- Horario de presentación presencial no rexistro municipal: de luns a venres, entre as 9:00 h e as 14:00 h.
- Sorteio público: realizarase o día 28 de maio ás 10:00 h, en presenza da Secretaría municipal, no caso de que o número de solicitudes presentadas supere o número de prazas dispoñibles.

1.2 Tipos de solicitude e instrucións para a súa cobertura

- Poderase presentar unha solicitude individual ou unha solicitude múltiple no caso de irmáns/ás que desexen participar conxuntamente.

Instrucións para cubrir a solicitude:

- Cada solicitante deberá cubrir unha única solicitude e poderá escoller como máximo unha (1) quenda.
- Cada persoa solicitante deberá presentar unha única solicitude e poderá indicar dúas quendas por orde de preferencia. Primeiro asignarase a quenda escollida como primeira opción, e esta asignación será definitiva. Se despois aínda quedan prazas vacantes na outra quenda, poderanse ofrecer ás familias que a puxesen como segunda opción e que estean en lista de agarda da súa primeira preferencia.
- A persoa solicitante deberá ser a nai, o pai, ou o/a titor/a legal do/a menor.
- As persoas participantes serán o/a neno/a ou os/as nenos/as para os que se solicita a praza.
- No caso de solicitudes múltiples, deberán incluírse os datos de todos os irmáns/as que optan á participación, os cales serán considerados participantes.



- A presentación da solicitude implica a aceptación das normas que rexen o procedemento.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do seguinte formulario dispoñible na ligazón: [FORMULARIO](#)

Artigo 2. PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS

No caso de que o número de solicitudes supere as prazas dispoñibles e se deba realizar un sorteo público, publicarase a información correspondente para garantir a transparencia e facilitar posibles reclamacións.

A efectos de información e posibles reclamacións procederase as seguintes publicacións:

- Lista provisional de admitidos/as: publicarase o 29 de maio na páxina web municipal e na sede electrónica municipal.

O prazo para presentar alegacións será de 2 días hábiles dende a publicación.

- Lista definitiva de admitidos/as: publicarase o 3 de xuño.

Se o número de solicitudes non supera o das prazas dispoñibles, publicarase a lista de admitidas/os o 30-05-2026.

Artigo 3. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

3.1 Adxudicación de prazas

- Terán especial consideración, as familias derivadas de servizos sociais de atención primaria, previo informe técnico favorable destes servizos. O número por queda será establecido segundo as necesidades do servizo sen superar o 5% das prazas ofertadas en total.
- A adxudicación será directa no caso de que o número de solicitudes non supere o total de prazas dispoñibles.
- Se o número de solicitudes supera o das prazas ofertadas, a adxudicación realizarase mediante sorteo público, aplicando os criterios de prioridade establecidos nestas bases.
- A través deste sorteo configurarase tamén unha lista de agarda.
- A praza deberá ser aceptada e deberá presentarse a documentación requirida (ver artigo 5.2) nun prazo máximo de 2 días naturais desde a publicación da lista

definitiva de persoas admitidas. En caso de non cumprirse este prazo, a persoa solicitante será excluída.

- As vacantes que se produzan serán ofertadas ás persoas solicitantes segundo a orde da lista de agarda. Para iso, realizaranse ata tres chamadas entre as 9:00h e as 14:00h aos números de contacto facilitados na solicitude. Se non se obtén resposta no prazo de 24 horas, a persoa será dada de baixa e procederase a contactar coa seguinte na lista.

3.2 No caso de que aparezan solicitudes presentadas por diferentes solicitantes, pero na que parte ou todas as persoas participantes sexan as mesmas, serán anuladas automaticamente.

Artigo 4. CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

1ª. Nenos/as empadroados/as con proxenitores traballando en horario de mañá

Terán prioridade os nenos e nenas empadroados/as no Concello de Muros, cunha data de empadramento anterior á aprobación destas bases, cuxos proxenitores ou un/unha só/a no caso de familias monoparentais ou monomarentais, teñan unha relación laboral vixente en horario de mañá.

2ª. Nenos/as empadroados/as no Concello de Muros

En segundo lugar, priorizaranse os/as menores empadroados/as no Concello de Muros antes da data de aprobación destas bases, independentemente da situación laboral dos proxenitores.

3ª. Nenos/as non empadroados/as con proxenitores traballando en horario de mañá

Se aínda quedasen prazas dispoñibles, estas serán ofertadas a menores non empadroados/as no Concello de Muros, cuxa unidade familiar —ambos proxenitores ou un/unha no caso de familias monoparentais ou monomarentais— conte cunha relación laboral vixente en horario de mañá.

4ª. Nenos/as non empadroados/as no Concello de Muros

En último lugar, poderán acceder ás prazas os nenos e nenas non empadroados/as no Concello de Muros que non cumpran os criterios anteriores.

Artigo 5. IDADES, QUENDAS E HORARIOS

5.1 Idades das persoas participantes

Poderán participar nenas e nenos nados nos anos 2022, 2021, 2020, 2019, 2018, 2017, 2016, 2015 e 2014.



5.2 Número de prazas por quenda

Establécese un máximo de 30 prazas por quenda.

5.3 Quendas dispoñibles

As actividades desenvolveranse nas seguintes quendas e localizacións:

- Xullo na EEI de Muros (Muros)
- Xullo no Centro Agrovello (Tal)
- Agosto na EEI de Muros (Muros)
- Agosto no Centro Agrovello (Tal)

Cada participante só poderá inscribirse nunha única quenda.

5.4 Horario de actividades

As actividades desenvolveranse de luns a venres, excepto festivos, no seguinte horario:

- Entrada: de 9:00 h a 9:15 h
- Saída: de 13:45 h a 14:00 h

5.5 Localizacións das actividades

- Muros: EEI de Muros (Alameda, 4 15250 Muros)
- Tal: Centro Agrovello (Cabanas, s/n 15289 Tal)

Artigo 6. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

6.1 Para poder asistir a este programa é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes.

6.2 Documentación:

- Será requirida, unha vez sexa concedida a praza, a seguinte documentación:
 - Libro de familia e DNI do pai, da nai ou do titor
 - Tarxeta sanitaria
 - Vida laboral de ambos proxenitores, ou do/a proxenitor/, no caso de familias monomarentais/monoparentais
 - No caso de persoas con discapacidade deberán presentar un certificado acreditativo do grao de discapacidade
- A documentación complementaria para a adxudicación deberá presentarse electronicamente.

- No caso de non presentala no prazo de 2 días naturais desde a publicación da acta coas persoas admitidas, será excluída.
- Se esta documentación xa foi presentada ao Concello de Muros para algunha actividade de conciliación no ano 2026, non será necesario entregala novamente, agás a vida laboral, que deberá ser actualizada.

6.3 No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

Artigo 7. ASISTENCIA OU XUSTIFICACIÓN DE AUSENCIAS

7.1 O número máximo de días de asistencia non xustificada será de tres (3).

7.2 Terase en conta para os efectos de xustificación da non asistencia da persoa participante durante determinados períodos da quenda adxudicada, a situación de divorcio ou separación debidamente acreditada, cando exista réxime de custodia compartida. Neste caso, poderase xustificar a ausencia do/a menor durante os días nos que, segundo o réxime establecido, non se atope ao coidado do/a proxenitor/a solicitante.

Artigo 8. OBRIGACIÓNS

8.1 As persoas beneficiarias das prazas comprométense a cumprir coas seguintes obrigas:

- Respetar os horarios establecidos para a entrada e saída da actividade.
- Non abandonar a actividade sen autorización previa da persoa responsable.
- Acatar as normas establecidas polo persoal encargado da actividade, así como as normas de réxime interno das instalacións e aquelas relativas á hixiene persoal e ás medidas sanitarias vixentes.
- No caso de incomparecencia ou asistencia irregular sen xustificación, a persoa beneficiaria será penalizada na participación en futuras actividades organizadas polo Concello, como os programas Concilia Nadal, Primavera ou outros de similares características.

Artigo 9. EQUIPO RECOMENDADO

- Equipamento deportivo: gorra, suadoiro, camiseta deportiva, pantalóns curtos, zapatillas cómodas, traxe de baño...
- Toalla
- Crema para o sol, factor de protección alto



- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá

Artigo 10. INFORMACIÓN

Calquera circunstancia non recollida nesta bases será estudada e comunicada polo Concello de Muros.

Para recibir máis información as persoas interesadas poden dirixirse a:

- No departamento de servizos sociais do Concello de Muros: 981 762 411
- Oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

Na páxina web www.muros.gal